2. **Tempos:** en principio imos seguir a temporalización estipulada nas táboas de contidos. É posible que haxa que afondar máis nalgúns conceptos, o que suporía ter que acurtar as sesións dedicadas a outros.
3. **Espazos:** combinaremos as clases dadas na aula, na biblioteca, no laboratorio, nas aulas de informáticas, etc.
4. **Materiais:** os materiais son variados, desde o libro de texto tido como referencia e consulta, pasando polas páxinas web, aula virtual, aula planeta, material de laboratorio, etc.
5. **Recursos didácticos:** Polo que respecta os medios didácticos que empregaremos na clase de Bioloxía en bacharelato, destacamos:
  - Fontes documentais: periódicos, revistas científicas
  - O ordenador (internet, páxinas web )
  - Material de laboratorioLibro de texto: Bioloxía. Ed. ANAYA  
  
etc.



## 7.- AVALIACIÓN

### Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

#### 1. Procedementos de avaliación inicial

A avaliación inicial é a que se realiza ao comezo dun curso académico, consiste na recollida de datos tanto de carácter persoal como académico na situación de partida; e a súa finalidade é que o profesor inicie o proceso educativo cun coñecemento real das características de todos e cada un dos seus alumnos, o que debe permitirle deseñar estratexias didácticas e acomodar a súa practica docente á realidade do grupo e das súas singularidades individuais.

O departamento elaborará os criterios para que cada Profesor utilice as técnicas (cuestionarios, observación directa, información do departamento de orientación, acción tutorial, etc.) de avaliación convenientes nos primeiros días do curso.

As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos que o alumnado debeu adquirir ao finalizar o curso anterior.

As finalidades desta avaliación son:

- 1.- Precisar o que é capaz de facer en relación coas aprendizaxes que se lle propoñen.
- 2.- Situar o alumno ou alumna en relación á proposta curricular do centro.
- 3.- Tomar decisións sobre eventuais adaptacións curriculares para a aula ordinaria, así como os procedementos que podemos utilizar para avaliar o nivel de competencia curricular e determinar así o tipo de axuda que necesita.

1. DATA DE REALIZACIÓN. A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso.
2. EN QUE CONSISTIRÁ? Realizarase mediante unha proba escrita ou a través da observación durante as primeiras semanas de curso dos coñecementos previos.
3. INFORMACIÓN Á FAMILIA. As familias do alumnado serán informadas polos titores e polo departamento de orientación dos resultados sempre que se estime necesario, especialmente naqueles casos nos que se crea conveniente a realización de apoios e adaptacións curriculares.
4. CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS. Os resultados serán especialmente reveladores para configurar a idea do curso e para levar a cabo os apoios e/ou adaptacións curriculares pertinentes.

#### 2.- Acreditación de coñecementos previos (2º Bac)

Os alumnos que non cursaron a Bioloxía e Xeoloxía de 1º de BACHARELATO deberán acreditar os coñecementos previos para ser avaliados na Bioloxía de 2º de BACHARELATO e/ou nas Ciencias da Terra e do Medioambiente de 2º de BACHARELATO.

O Departamento considera que para obter dita acreditación os alumnos deberán realizar os dous procedementos seguintes:

- presentación dun cuestionario con preguntas sobre os contidos da materia Bioloxía e Xeoloxía de 1º de BAC entregado polos/as profesores/as.
- superación dunha proba específica que versará sobre os contidos mínimos necesarios para ditas materias indicados na programación de 1º de BAC.

### 3.- Procedemento avaliación continua

1-TEMPORALIZACIÓN. Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Os alumnos que non consigan superar as probas ordinarias realizarán unha proba de recuperación ao finalizar o trimestre. Recuperarase a avaliación enteira.

2-CUALIFICACIÓN. Para avaliar utilizaremos os instrumentos seguintes:

-Probas escritas que permitan valorar a adquisición dos contidos conceptuais e procedementais. Serán acordes cos criterios de avaliación propostos.

-Caderno de prácticas de laboratorio.

-Caderno de notas do profesor.

A avaliación efectuarase a través da observación directa e rexistro do traballo e das actividades do alumno. Valorarase o esforzo e interese que cada alumno mostre no seu proceso de aprendizaxe.

As avaliacións serán tres, que coincidirán aproximadamente con cada trimestre e segundo fixe o centro.

Para superar cada avaliación o alumnado realizará as probas sobre os temas tratados e aprobalas, así como ter feitos os traballos de clase, e os boletíns das prácticas de laboratorio. A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de :

.Media entre as dúas probas escritas previstas por avaliación ( valor do 90% ).Para facer media hai que ter como mínimo un 4 .

.Elaboración de traballos , prácticas de laboratorio, exercicios, atención, esforzo, interese do alumnado hacia a materia (10%).

Cando un alumno non se presente a un exame terá que presentar un xustificante ou non se lle repetirá o exame.

Cando non exista unha asistencia continuada do alumno debida a faltas inxustificadas perderá o dereito a avaliación continua e terá que presentarse o exame final de xuño que incluírá toda a materia. Para a súa superación terá que obter unha cualificación mínima de 5.

En cada avaliación os alumnos que non consigan alcanzar os obxectivos propostos farán unha proba de recuperación trimestral de toda a avaliación non de exames soltos.

En caso de detectar que un alumno está copiando nun exame, mediante o uso de chuletas, apuntes, gravacións ou que substitúe as follas que se lle facilitan no exame por outras que trae xa cubertas, será amoestado no momento, retirándosele o exame, que se cualificará cun 0, e tendo que acudir directamente a proba de recuperación . no caso de ser unha proba final terá que ir á extraordinaria, no caso de ser a extraordinaria, quedará sen posibilidade de recuperar a materia ata o curso seguinte.

3- ASPECTOS VALORABLES DO TRABALLO NA AULA. Traballo diario, asistencia, atención, esforzo, respecto, compromiso do alumnado hacia a materia, ó grupo e o profesor son os aspectos máis destacables da cualificación neste ámbito, de forma que a entrega de traballos na data sinalada, as respostas ás preguntas orais, a entrega dos boletíns de prácticas o traballo individual ou en grupo ben feito van posibilitar que o alumnado incrementa a súa nota cun 10% sobre o total.

4-MEDIDAS DE RECUPERACION. Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Contemplándose, ademais para aqueles alumnos que non superen as probas ordinarias a posibilidade de facer en cada trimestre unha proba de recuperación.

5.MEDIDAS DE RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS En cada avaliación os alumnos que non consigan alcanzar os obxectivos propostos farán unha proba de recuperación trimestral. De non superar as recuperacións, o alumnado terá que presentarse ás probas finais de fin de curso.

#### 4.- Procedemento avaliación final

##### Quen debe ir á avaliación final?

En cada avaliación os alumnos que non consigan alcanzar os obxectivos propostos farán unha proba de recuperación trimestral. De non superar as recuperacións, o alumnado terá que presentarse ás probas finais de fin de curso.

En xuño farase a proba de toda a materia para aqueles alumnos que non aprobasen ningunha avaliación. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Igualmente para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba por cada avaliación suspensa. A cualificación final será o resultado das notas medias das avaliacións sendo necesario ter en cada unha das avaliacións unha nota non inferior a un 4.

##### En que consistirá a proba ?

Será un exame onde estea representada toda a materia do curso. Para superala o alumnado terá que alcanzar, como mínimo, un 5.

##### Que estándares se van avaliar?

Tema/UD	Estándares de aprendizaxe	Tema/UD	Estándares de aprendizaxe	Tema/UD	Estándares de aprendizaxe
1	BB1.2.1.	3	BB3.1.1.	5	BB5.1.1.
	BB1.2.2.		BB3.2.1.		BB5.2.1.
	BB1.2.3.		BB233.2.		BB5.3.1.
	BB1.3.1.		BB3.4.1.		BB5.4.1.
	BB1.4.1.		BB3.4.2.		BB5.6.1.
	BB1.5.1.		BB3.5.1		BB5.7.1.
	BB1.6.1.		BB3.6.2		BB5.8.1.
2	BB2.1.1.		BB3.8.1		4
	BB2.2.1.		BB3.9.1	BB4.2.1.	
	BB2.2.2.		BB3.10.1	BB4.4.1.	
	BB2.3.1.		BB3.12.1	BB4.5.1.	
	BB2.1.1.		BB4.1.1.	BB4.6.1.	
	BB2.4.1.	BB4.2.1.	BB4.6.2.		
	BB2.5.1.	BB4.4.1.	BB4.6.3.		
	BB2.6.1.	BB4.5.1.			
	BB2.8.1.	BB4.6.1.			
	BB2.9.2.	BB4.6.2.			
BB2.10.2.	BB4.6.3.				

### Como se elabora a cualificación final. ?

En xuño farase a proba de toda a materia para aqueles alumnos que non aprobasen ningunha avaliación. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Igualmente para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba por cada avaliación suspensa. A cualificación final será o resultado das notas medias das avaliacións sendo necesario ter en cada unha das avaliacións unha nota non inferior a 4

### Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo o decreto 86/2015, do 25 de xuño, o finalizar o 1º curso e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado adoptará as decisións sobre a súa promoción o 2º curso tendo en conta que:

- a) Os alumnos/as conseguirán a promoción o 2º curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas matarías como máximo.
- b) O alumnado que conseguise a promoción a 2º curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas o longo do curso, organizando as actividades de recuperación e avaliación das materias pendentes

## 5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

### Que tipo de proba se vai aplicar?

Será unha única proba escrita da materia impartida durante o curso. Non se terá en conta nin se valorará ningún traballo.

### Como se cualifica?

O modo de cualificación será en función do número de preguntas. Os estándares que se van a avaliar serán os mesmos que na avaliación final de xuño.

## 6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

### Como se fará o seguimento?

No primeiro curso do bacharelato non existen materias pendentes.

O seguimento de materias pendentes nos outros cursos farase do seguinte xeito:

- a. Os alumnos terán que entregar un boletín de exercicios por trimestre. A entrega deste cuestionario suporá 1 punto para a nota da avaliación.
- b. Realización dunha proba por avaliación, facendo 3 probas, procurando que non coincidan cas datas das avaliacións ordinarias.
- c. Os alumnos que nos superen ditas probas farán unha proba final no mes de maio. De non superala, deberán volver realizala no mes de setembro na avaliación extraordinaria.

### Como se elabora a cualificación final?

Será unha media da notas obtidas en cada unha das avaliacións.

Os alumnos que nos superen ditas probas farán unha proba final no mes de maio. De non superala, deberán volver realizala no mes de setembro na avaliación extraordinaria.

Que tipo de proba se vai aplicar? A proba será de carácter escrito onde estea representada toda a materia do curso. Para superala o alumnado terá que alcanzar, como mínimo, un 5.

## 8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## 8.2.- Avaliación da programación didáctica

### 1.- Mecanismo revisión

#### Con que periodicidade se revisará?

Para ter un seguimento axeitado, será necesario revisala por trimestre, pois no caso de non cumprir a temporalización será necesario reaxustar os tempos

#### Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Intentar darlle menos peso horario as actividades que se poidan solventar en cursos posteriores

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunción e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				
Observacións:				

## 9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

### Medidas de atención á diversidade no presente curso

#### 9.1.- Medidas ordinarias

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? Non.</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Non.</p> <p>b) Espazos diferenciados? Non.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Non.</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? -Non.</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?  Traballo sobre o que se está a facer</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Baixo indicación do departamento de Orientación</p> <p>3. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non.</p>

**Medidas de atención á diversidade no presente curso**

**9.2.- Medidas extraordinarias**

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>Non.</p> <p>2. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)?</p> <p>Non.</p> <p>3. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <p>Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>Non</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>Non</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>Non</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p> <p>Reunións periódicas de selo caso.</p>



## 10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a situación debida á pandemia do COVID 19 creemos que este curso non se poderán desenvolver Actividades Extraescolares como diferentes tipos de saídas.

De mellorar a situación sanitaria ao longo do curso, poderíanse levar a cabo algunhas delas.

## 11.- DATOS DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Bioloxía e Xeoloxía	2º Bacharelato	A	Ao principio da programación.

## 12.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
		<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
a	Introdución e contextualización	
b	Contribución ás competencias clave	273
c	Concreción dos obxectivos para curso	269
d	<b>Concreción para cada estándar</b>	273
	1º.- Temporalización	270
	2º.- Grao mínimo de consecución	273
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	273
e	Concrecións metodolóxicas	282
f	Materiais e recursos didácticos	284
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	285
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	289
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	288
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	285
k	Avaliación inicial e medidas	285
l	Medidas de atención á diversidade	291
m	Concreción de elementos transversais	273
n	Actividades complementarias e extraescolares	293
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	290

## 13. ANEXO. ADAPTACIÓNS AO CONTEXTO COVID-19

### 13.1.- AVALIACIÓN INICIAL

- a. Analizaranse os informes individualizados do curso anterior
- b. Realizaranse probas durante os primeiros días do curso para identificar as necesidades de atención educativa do alumnado
- c. Detectaranse as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020

### 13.2.- PLAN DE REFORZO

Preténdese que o alumnado, recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019-2020.

Todos os contidos de 1º BAC referidos á parte de bioloxía foron impartidos polo que se traballarán no momento que corresponda considerados como revisión e ampliación.

### 13.3.- METODOLOXÍA

#### Metodoloxía didáctica adaptada ao contexto Covid-19

Proporanse:

- tarefas globalizadas
- uso das TIC: aula virtual, plataformas dixitais, correo electrónico
- actividades que favorezan:
  - ✓ a auto-aprendizaxe
  - ✓ o pensamento crítico e creativo
  - ✓ a investigación mediante proxectos

O curso 2020-2021 vai estar máis condicionado polas circunstancias actuais da pandemia do Covid-19. Haberá que ter en conta os dous posibles escenarios en función da situación sanitaria.

**A. Actividade lectiva presencial.** A metodoloxía neste escenario xa foi especificada no apartado 6. Na clase dedicárase un tempo á desinfección e correcta disposición dos elementos do mobiliario, así como á ventilación. Algunhas actividades que precisen a mobilidade do alumnado, poden verse limitadas polas condicións da aula.

**B. Actividade semipresencial e/ou non presencial.** O primeiro será detectar os medios dixitais cós que conta o alumnado (ordenadores, tablets, redes wifi, tarifas de datos ilimitadas...) No caso de que algún alumno non poda acceder ao contido dixital, facilitaráselle outra canle mentres se intenta que mediante préstamo ou algún outro método poida proveerse dos recursos necesarios.

A Aula Virtual do IES será o medio de comunicación preferente do profesor /alumnado, aínda que tamén se poderá empregar o correo electrónico persoal do alumno e outras plataformas (Classroom, Edmodo, etc.). A comunicación cos pais ou titores legais realizarase a través da plataforma Abalar.

Os medios citados anteriormente serán tamén a canle para a exposición de contidos e actividades e o sitio de entrega de todos os traballos que o alumnado realice. Tamén a entrega de traballos por parte dos alumnos poderá levarse a cabo a través do seu correo electrónico persoal.

Todos os alumnos deben inscribirse ao curso na Aula Virtual. En caso de haber confinamento ou períodos de cuarentena, alí realizarán traballos semanais, recibirán material e poderán habilitarse exames virtuais con formato diferente aos presenciais.

- 1. No caso de cuarentena de parte do alumnado:** os alumnos accederán aos contidos a través de presentacións, videotutoriais... colgados na Aula Virtual, onde tamén realizarán as actividades, salvo que o profesor lle indique outro medio, como libro de texto ou material facilitado polo profesor.
- 2. No caso de confinamento da clase:** clases virtuais a través das plataformas Webex ou similares no seu horario habitual con asistencia obrigatoria para aqueles alumnos que dispoñan de medios. Farase isto sempre que haxa dispoñibilidade e recursos por parte do profesorado/alumnado.

## 13.4.- AVALIACIÓN

### Criterios e procedementos de avaliación adaptados ao contexto Covid-19

**A. Actividade lectiva presencial.** Xa foron especificados no apartado 7. A continuación, se expoñen as competencias e aprendizaxes imprescindibles que o alumnado deberá acadar.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.	BB1.2.1. Relaciona a estrutura química da auga coas súas funcións biolóxicas.
B1.2	BB1.2.2. Distingue os tipos de sales minerais, e relaciona a composición coa función.
B1.2	BB1.2.3. Contrasta e realiza experiencias dos procesos de difusión, osmose e diálise, e interpreta a súa relación coa concentración salina das células.
B1.3	BB1.3.1. Recoñece e clasifica os tipos de biomoléculas orgánicas, e relaciona a súa composición química coa súa estrutura e coa súa función.
B1.4	BB1.4.1. Identifica os monómeros e distingue os enlaces químicos que permiten a síntese das macromoléculas: enlaces O-glicosídico, enlace éster, enlace peptídico e enlace O-nucleosídico
B1.6	BB1.6.1. Contrasta o papel fundamental dos encimas como biocatalizadores, e relaciona as súas propiedades coa súa función catalítica.
B2.1	BB2.1.1. Compara unha célula procariota con unha eucariótica, e identifica os orgánulos citoplasmático presentes nelas.
B2.2	BB2.2.2. Analiza a relación entre a composición química, a estrutura e a ultraestrutura dos orgánulos celulares, e a súa función.
B2.3	BB2.3.1. Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha.
B2.4	BB2.4.1. Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha.
B2.4	BB2.4.2. Establece as analogías e as diferenzas máis significativas entre mitose e meiose.
B2.5	BB2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.
B2.6	BB2.6.1. Compara e distingue os tipos e os subtipos de transporte a través das membranas, e explica detalladamente as características de cada un.
B2.7	BB2.7.1. Define e interpreta os procesos catabólicos e os anabólicos, así como os intercambios enerxéticos asociados a eles.
B2.8	BB2.8.1. Sitúa, a nivel celular e a nivel de orgánulo, o lugar onde se produce cada un destes procesos, e diferencia en cada caso as rutas principais de degradación e de síntese, e os encimas e as moléculas máis importantes responsables dos devanditos procesos.
B2.9	BB2.9.1. Contrasta as vías aeróbicas e anaeróbicas, e establece a súa relación co seu rendemento enerxético

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.9	BB2.9.2. Valora a importancia das fermentacións en numerosos procesos industriais, e recoñece as súas aplicacións.
B3.1	BB3.1.1. Describe a estrutura e a composición química do ADN, e recoñece a súa importancia biolóxica como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética.
B3.2	BB3.2.1. Diferencia as etapas da replicación e identifica os encimas implicados nela.
B3.3	BB3.3.1. Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas.
B3.4	BB3.4.1. Diferencia os tipos de ARN e a función de cada un nos procesos de transcrición e tradución.
B3.4	BB3.4.2. Recoñece e indica as características fundamentais do código xenético, e aplica ese coñecemento á resolución de problemas de xenética molecular.
B3.5	BB3.5.1. Interpreta e explica esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución.
B3.5	BB3.5.2. Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.
B3.6	BB3.6.1. Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.
B3.9	BB3.6.2. Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes.
B3.9	BB3.9.1. Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e valora as súas implicacións éticas e sociais.
B3.10	BB3.10.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.
B4.2	BB4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relaciónaas coa súa función.
B4.4	BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.
B4.6	BB4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións
B4.6	BB4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.
B5.1	BB5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria.
B5.2	BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.
B5.3	BB5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.
B5.4	BB5.4.1. Define os conceptos de antixeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos
B5.8	BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.

## **B. Actividade semipresencial e/ou non presencial.**

É importante considerar o problema dun xeito diferenciado a ese grupo de estudantes para os que as dificultades derivadas dunha posible fenda dixital (que viven en ambientes con pouca conectividade, que non dispoñen do equipamento necesario (ordenadores, tabletas ou cámaras web, etc.) ou a súa condición de estudantes con as necesidades educativas especiais implica tomar outras medidas e articular procedementos alternativos de avaliación para aqueles que, de xeito acreditado, demostren que non poden beneficiarse do modelo de avaliación remota.

- 1. No caso de cuarentena de parte do alumnado:** os alumnos serán avaliados segundo os criterios e procedementos establecidos no apartado 7 unha vez se incorporen ás clases.
- 2. No caso de confinamento da clase:**
  - **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA:** os alumnos realizarán as actividades propostas na Aula Virtual, as cales serán cualificadas. Valorarase o esforzo e o cumprimento de prazos, non admitíndose as presentadas fora de tempo. Manterase o número de exames por trimestre (un ou dous), que serán realizados na Aula Virtual ou Webex, que poderán ser substituídas por traballos. As cualificacións serán as seguintes:  
**Exames:** 70%  
**Actividades:** 30%
  - **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL:** a cualificación da avaliación ordinaria (xuño) será a media ponderada das tres avaliacións parciais e debe ser igual ou superior a 5 puntos para ser positiva. Os alumnos e alumnas que non superen a materia mediante este procedemento, terán a posibilidade de presentarse a unha proba final de recuperación que abrangue as aprendizaxes imprescindibles de 4º ESO. O exame realizarase na Aula Virtual do IES.
  - **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:** farase un exame na Aula Virtual e a cualificación será a desta proba.
  - **PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES:** seguirase o establecido no apartado 7. O exame da convocatoria de maio realizarase na Aula Virtual.

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2020-2021**

**Materia:**

**Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (2º Bacharelato)**

<b>1.- INDICE</b>		
<b>1</b>	<b>Aspectos xerais da programación</b>	Páxina
<b>2</b>	<b>Conceptos clave da programación</b>	301
	<b>Contexto</b>	302
<b>3</b>	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
<b>4</b>	<b>Secuenciación e temporalización</b>	304
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos	
	<b>Relacionar aspectos curriculares para cada unidade</b>	308
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
<b>5</b>	<b>Establecer para cada estándar:</b>	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	<b>Metodoloxía didáctica:</b>	321
<b>6</b>	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
	<b>Avaliación</b>	325
	<b>Avaliación inicial</b>	
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)	
	<b>Avaliación continua</b>	
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
<b>7</b>	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	<b>Avaliación final</b>	
	<b>Avaliación extraordinaria</b>	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	<b>Materias pendentes de cursos anteriores</b>	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
	<b>Outras avaliacións</b>	329
	<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>	
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	<b>Avaliación da programación didáctica</b>	
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
	<b>Atención á diversidade</b>	331
<b>9</b>	Medidas ordinarias: Organizativas	
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
	Medidas extraordinarias: Curriculares	
<b>10</b>	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b>	333
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
<b>11</b>	<b>Datos do departamento</b>	333
<b>12</b>	<b>Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)</b>	333
<b>13</b>	<b>ANEXO. Adaptacións ao contexto COVID-19</b>	334



<b>2.- CONCEPTOS CLAVE ( Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)</b>	
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
<b>Criterios de cualificación</b>	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . " <i>Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente</i> " (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: BX B1.1 .2 BX: Abreviatura da área: Bioloxía e Xeoloxía B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

### 3.- CONTEXTO

#### 1.- Contexto do centro

##### \* Características do centro:

###### Situación

R/ Orquídea, 45  
27004-Lugo

###### Centros adscritos

CEIP de Casás  
CEIP Menéndez Pelayo

###### Ensinanzas que oferta o centro

ESO / Bacharelato / CFGS Procesos e calidade na industria alimentaria

###### Características singulares

O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socioeconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.

##### \* Características do alumnado:

###### Lingua materna dominante

Castelán e galego.

###### Alumnado con NEAE no curso actual

Cinco alumnos/as con trastornos xerais do desenvolvemento (trastornos do espectro autista): catro deles escolarizados nunha unidade de educación especial en 3º e 4º de ESO; o outro alumno escolarizado en réxime ordinario en 1º de ESO.

Un alumno con deficiencia motórica escolarizado en 1º de ESO.

Menos dunha decena de alumnos/as que precisan adaptación curricular individualizada por presentar problemas de atraso académico, matriculados en 1º e 2º de ESO.

###### Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

###### Outras características

Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

## 2.- Obxectivos do Bacharelato (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9	i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10	l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11	m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14	o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE 2º BAC

### 1ª Avaliación

UNIDADES DIDÁCTICAS			Refer. Libro texto	Temporalización		Probas
Tema / U.D.	Bloque	Contido		Setembro Outubro Novembro Decembro		
		Bloque 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental Bloque 7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera	Temas 1,2,3,4	Mes	Sesións	2

1	B1.1.	Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas	1	Set -Out	6	
	B1.2.	O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural.				
2	B1.4.	Recursos naturais, riscos e impactos ambientais.	2	Out	9	
	B1.3.	Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza				
	B7.1.	Xestión dos impactos ambientais; alternativas ante a problemática ambiental: desenvolvemento incontrolado, conservacionismo e desenvolvemento sustentable.				
3	B7.6.	Influencia dos organismos nacionais e internacionais en materia ambiental	3	Out Nov	12	
	B7.7.	Lexislación ambiental. Lexislación estatal e autonómica sobre algúns impactos ambientais.				
	B1.5.	Fontes de información ambiental.				
	B7.2.	Avaliación do impacto ambiental.				
	B7.3.	Instrumentos de xestión ambiental. Sistemas telemáticos de cooperación internacional.				
	B7.4.	Relación entre desenvolvemento, calidade de vida e problemas ambientais no ámbito internacional				
4	B6.1.	Circulación de materia e enerxía na biosfera.	4	Nov Dec	9	
	B6.2.	Relacións tróficas nos ecosistemas, cadeas e redes tróficas. Representacións gráficas.				
	B6.3.	Factores limitantes da produción primaria.				
	B6.4.	Ciclos bioxeoquímicos do osíxeno, o carbono, o nitróxeno, o fósforo e o xofre.				

**2ª Avaliación**

UNIDADES DIDÁCTICAS		Refer. Libro texto	Temporalización		Probas
Tema / U.D.	Bloque		Mes	Sesións	
	Contido		Xaneiro Febreiro Marzo		
	Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera Bloque 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos Bloque 2. Dinámica dos sistemas fluídos Bloque 3. Contaminación atmosférica Bloque 4. Contaminación das augas	Temas 4,5,6,7,8			2

4	B6.6.	Autorregulación dos ecosistemas e repercusión da acción humana sobre eles.	4	Xan	5	
	B6.7.	Concepto de biodiversidade.				
	B6.8.	Causas e repercusións da perda da biodiversidade.				
	B6.5.	Os ecosistemas no tempo: sucesión, autorregulación e regresión				
5	B5.1.	Xeosfera: soporte dos restantes subsistemas terrestres	5	Xan Febr	10	
	B5.2.	Riscos xeolóxicos e a súa relación cos fluxos de enerxía terrestres.				
	B5.3.	Orixe dos riscos xeolóxicos internos.				
	B5.4.	Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.				
	B5.5.	Danos orixinados polos riscos xeolóxicos.				
	B5.6.	O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.				
	B5.7.	Riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais				
	B5.8.	Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos				
	B6.14.	O sistema litoral como interfase.				
	B6.15.	Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación.				
6	B2.1.	A radiación solar como recurso enerxético.	6	Feb- Marzo	8	
	B2.2.	As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima.				
	B2.3.	Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica.				

	B2.4.	Capa de ozono: orixe e importancia.			
	B2.5.	Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas.			
	B2.6.	Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro.			
	B2.7.	A hidrosfera e o seu papel como regulador climático.			
	B2.8	Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos.			
	B2.9	Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións.			
	B2.10	Interpretación de mapas meteorolóxicos.			
	B2.11	Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección.			
7	B3.1.	Orixes e efectos da contaminación atmosférica.	7	Marzo	9
	B3.2.	Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro.			
	B3.3.	Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos.			
	B3.4	Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia.			
	B3.5	Ozono troposférico e ozono estratosférico			
	B4.1.	Ciclo hidrolóxico.			
	B4.2	Orixes e efectos da contaminación das augas			
	B4.3.	Parámetros de medida da calidade da auga.			
	B4.4	Prevención e corrección da contaminación da auga.			
	B4.5.	Sistemas de tratamento e depuración das augas			

**3ª Avaliación**

UNIDADES DIDÁCTICAS			Refer. Libro texto	Temporalización		Probas
Tema / U.D.	Bloque	Contido		Marzo Abril Maio	Mes	
		Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera Bloque 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos Bloque 7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable	Temas 8,9,10			

<b>8</b>	B6.9.	O solo como interfase.	8	Abril	8	
	B6.10.	Edafoxénese e tipos de solos.				
	B6.11	Usos e fragilidade do solo como recurso.				
	B6.12.	Impactos sobre o solo. Técnicas de valoración do grao de alteración dun solo.				
	B6.13	Impactos sobre a biosfera producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría.				
	B6.15	Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación.				
	B6.16	Importancia da conservación das zonas litorais.				
<b>9</b>	B5.10	Recursos da xeosfera: problemas ambientais ocasionados pola súa explotación.	9	Maio	5	
	B5.11.	Impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia.				
	B5.12.	Uso eficiente da enerxía e dos recursos				
<b>10</b>	B5.8.	Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos	10	Maio	5	
	B5.9	Impactos máis frecuentes na paisaxe.				
	B7.5.	Modelos de xestión de recursos.				
	B7.7.	Lexislación ambiental. Lexislación estatal e autonómica sobre algúns impactos ambientais				
	B7.8.	Protección dos espazos naturais.				
	B7.9.	Espazos naturais en España e, en particular, en Galicia.				

### 5.- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval						Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos																			
							Prob. Esc.	Obv.	Trab. Ind.	Trab. Grup.	Cad. Cla.	Rúb.	Prob. Oral	CL	E O E	CA	T I C	E	EC C	PV						
U1	B1.1.	B1.1.	CTMAB1.1.1.	CMCCT	Contrasta a interdependencia dos elementos dun sistema establecendo as súas relacións.	100	x							x	x											
			CTMAB1.1.2.	CAA	Elabora modelos de sistemas nos que representa as relacións causais, interpretando as consecuencias da variación dos distintos factores.	100	x								x	x										
	B1.2	B1.2	CTMAB1.2.1.	CCEC CAA	Analiza, a partir de modelos sinxelos, os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da aparición da vida.	100	x							x	x											
U2	B1.4	B1.3	CTMAB1.3.1	CMCCT	Identifica e clasifica recursos, riscos e impactos ambientais asociados.	100	x							x	x											
	B1.3	B1.2	CTMAB1.2.1.	CCEC CAA	Analiza, a partir de modelos sinxelos, os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da acción humana ao longo da historia	100	x							x	x											
	B7.1	B7.1	CTMAB7.1.1.	CMCCT CSIEE	Distingue modelos de uso dos recursos e diseña outros sustentables.	100	x								x	x										
			CTMAB7.1.2	CCL CSC CCEC	Argumenta as diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable	100	x								x	x						x	x			



**5.- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE**

